


# O ESPIGONCIÑO

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Ana Blanco 6ªA

Un ano máis pídenme que escriba algo para o editorial da nosa revista, pero este ano é distinto... Comezo a escribir e sinto como un nó na miña gorxa, o vindeiro curso xa non estaremos no cole!

Aínda recordo con que emoción empecei a miña vida escolar, sentía moita ilusión, pero ao mesmo tempo un chisquiño de medo ante o descoñecido, medo que axiña desapareceu. Coñecín a nenos e nenas aos que convertín nos meus mellores amigos, a profesores que recordarei ao longo da miña vida e vivín, con todos eles, momentos imposibles de olvidar. Ai!, estoume poñendo sentimental e non quero, así que voume centrar no tema principal do noso xornal que é "O Día das Letras Galegas".

Cada 17 de maio recordamos a un escritor galego. O día 17 de maio de 1963 celebrábase en Galicia o primeiro día adicado ás nosas letras, lembrábase a Rosalía de Castro e desde aquela xa levamos 50 personaxes que coas súas obras lograron que a nosa lingua e a nosa cultura sigan vivas. Este ano recordamos a Valentín Paz Andrade, pero... quen foi Valentín Paz Andrade? Foi un distinguido xornalista que durante cinco anos dirixiu o xornal Galicia e colaborou en distintos medios de prensa. Por mor dos seus artigos periodísticos e da súa militancia política, foi detido en varias ocasións ao longo da súa vida.

Traballou como avogado de moitas empresas pesqueiras e escribiu varios libros sobre a pesca. Tamén destacou como poeta, o seu primeiro libro "Pranto Matricial" está adicado ao seu gran amigo Castelao.


Carla Salgueiro Bereijo - 6º B



## SUMARIO.

|   |    |
|---|----|
| NOVAS                                     | 5  |
| XOGANDO COAS NOSAS FAMILIAS               | 6  |
| EXCURSIÓN Á CORUÑA                        | 12 |
| PROXECTO “LOS ZORROS DEL NORTE”           | 15 |
| PROXECTO: “O CHURRO DE PLATILINA”         | 18 |
| PROXECTO: MEDRA UNHA SEMENTE...           | 19 |
| CONTOS , POEMAS E OUTRAS COUSAS           | 20 |
| ANO DAS ENERXÍAS RENOVABLES               | 32 |
| O MUÍÑO DAS MAREAS                        | 36 |
| PROXECTO: A ENERXÍA UNDIMOTRIZ            | 38 |
| ENTREVISTA: GALICIA MAR RENOVABLES        | 40 |
| LETRAS GALEGAS 2012: VALENTÍN PAZ ANDRADE | 42 |
| BIBLIOTECA                                | 50 |
| OBRADOIRO: CONSTRUIR UN TANGRAM           | 48 |
| DEPORTES                                  | 49 |
| HUMOR                                     | 50 |
| PASATEMPOS                                | 51 |
| INTERNET: ENERXÍA SOSTIBLE                | 54 |





2.012

María<sup>5ºº</sup>





## NOVAS.

### FESTIVAL BENÉFICO

---

O Concello de Cariño e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí organizaron un festival benéfico o día 17 de maio, os beneficios obtidos foron os seguintes:

Doazóns: 366 €

Rastrillo solidario: 130,70 €

Rifas: 252 €

Total: 748,70 €

Fonte: <http://concellodecarino.com>

### I EDICIÓN DO DÍA DA BICI

---

O vindeiro sábado 26 de maio terá lugar en Cariño a primeira edición do Día da Bici .

As actividades desta xornada están organizadas polo Concello de Cariño e o Club Ciclista Cariño, e contan co patrocinio de Hormigones Pita Graña.

Neste día realizaranse 3 actividades relacionadas coa bici:

1ª actividade:

Unha ruta sinxela para tod@s aqueles/as que desexen realizala, cun traxecto que partirá do Cobertizo ás 9:45 h e percorrerá o Paseo marítimo, seguido da Laguna e voltará a continuación ao Cobertizo. A distancia total deste percorrido é de 3,23km . @s nen@s nados entre o ano 2008 e o 2003 que desexen participar terán que ir acompañad@s dunha persoa adulta que se faga responsable do seu coidado e seguridade.

2ª actividade:

Unha ruta un pouco máis dura que comezará tamén no Cobertizo ás 11:00 h, continuando logo polo Paseo marítimo, subida ao Monte Mazanteu ata as praias de Figueiroa para voltar ata Fontao e concluír de novo no Cobertizo. En total os participantes cubrirán 13,71 km. Neste percorrido só poderán participar aquelas persoas nadas antes de 1998.

3ª actividade:

Esta será unha proba de habilidade para @s peques e desenvolverase no Paseo Marítimo durante a celebración da segunda ruta.

É obrigatorio para todas as persoas participantes en calquera das rutas levar casco e bebida (auga ou bebidas isotónicas).

Quen desexe participar deberá inscribirse na Casa da Cultura antes do día 25 de maio ás 13:30 h.

Para máis información, podedes acudir ou chamar á Casa de Cultura (tlf.: 981420216 )

Fonte: <http://concellodecarino.com>





XOGANDO COAS NOSAS FAMILIAS.

EDUCACION INFANTIL 4 ANOS

LILO



SOAMOS OS NOSAS COAS AS FAMILIAS DA CLASE

OS ENOS AS ENAS

O DOS  
O EO  
CONCEPTOS




OIO AEMO  
COCODRILOS APRENDEMOS





AIA IO DAO  
MATEMATICOS XOGANDO  
NOAS FILA  
NOSAS FAMILIAS



OA  
COAS




- SARA
- KIARA
- ZOE
- ANXO
- LUIS
- CARMEN
- DANIELLO
- RAUL
- ALBA
- VANARA
- DAVID
- DANIEL
- FERRA
- MARCOS
- ALEJANDRO
- LAURA
- ANTONIO
- LEONARDO
- IVAN















Alumnas e alumnos de Infantil 4 anos.





## EXCURSIÓN Á CORUÑA.

### EXCURSION A CORUÑA



OS MENOS DE INFANTIL  
FIZEMOS LOUSAS MIL  
A CORUÑA FOMOS DE EXCURSION  
CONECER A EVOLUCION.

NA CASA DAS CIENCIAS HAI PLANETA RIO  
ALI PODES VER PELICULAS A DIARIO  
O SOL E MOITOS PLANETAS.  
COME MOS NA CASA DO HOME

A DOMUS LLE CHAMAN DE NOME  
ALI HABIA UNHA MULLER ENBARAZADA  
PORQUE ESTABA MOI NAMORADA  
E TAMBEN UN ESQUELETO  
SENTADO NUN ASIEN TO



HABIA MOITOS CORAZOÑS

DE VACAS CABALOS HOMES ERATONS

COA FAMILIA PREGUMIDA

SACAMOS UNHA FOTOMOI LUCIDA

E NO CELO VIMOS NUBES

DE DIFERENTES CORES.

VISITAMOS A CASA DOS PEIXES

VIMOS MOITAS ESPECIES

ABIA UN TIBURÓN

QUE SE CHAMA BAGASTÓN

A SUA MULLER CHAMA BASEERMOS



ESTABA ENFERMA D'ALGUNHA COUSA

AS ESTRELAS DE MAR

TIÑANOLAS QUE BUSCAR


E DURMINDO NUMHA ROCA

VIMOS TAMEN UNHA FOCA





OUTRAS ESTABAN COMENDO  
 IAN TODAS CORENDO  
 O LONXE ABIA UN BULTO  
 ERA O NOSO AMIGO O PULPO.  
 POR FIN VIMOS DEVOLTA  
 OS PAPAS ESPERAN NA PORTA



UXIA

ALEX

YERAY

SANDRA

CARLOS

OLALLA

DAVID M.

JAVIER

CARME

ERIC

NICOLÁS

RUBÉN

SARA



DAVID M.  
MARTINA

LUCAS

IKER MARTÍN CLAUDIA

DANIELA

5 AÑOS



Alumnos e alumnas de Infantil 5 anos.





## PROXECTO: LOS ZORROS DEL NORTE.

Neste trimestre, o alumnado de 2º (A e B) traballou cun conto “Los zorros del Norte”, e a través del, xurdiron moitas ideas!

É un libro que podeades atopar na Biblioteca, e que vos resultará moi entretido. Nós, traballámolo centrándonos no aspecto matemático.

Aquí vos contamos e amosamos un resumo da historia cos murais que fixemos nas clases de 2º A e 2º B.



**Sitúase no Norte, nun país moi frío...**


A historia trata dunha familia pai (Halmar), nai (Anna), filla (Katrin, a protagonista), e fillo (Hans) que viven preto do bosque, cos recursos que alí teñen: animais, froitos, cultivos..., pero ademais, o pai é leñador e cazador, cousa que a Katrin non lle gusta nada! Prefire que seu pai sexa barqueiro. A Katrin gústalle moito os animais e as plantas, pero a historia comeza a complicarse cando preto da súa casa aparecen uns raposos...




Coma os raposos teñen fame, comen una galiña, e, a partir de aquela... o seu pai comeza a enfadarse moitísimo!!



Busca neles pero non os da atopado, así que, coa rabia que ten, corta un piñeiro... Katrin desgústase moito polo sucedido, así que intenta levarlles comida aos raposíños.



Cando todo isto sucede, aparece na historia un home estraño (o cal non lles gusta nada a Katrin nin a Anna), e ofrécese para ir con Halmar a cazar aos raposos.






Tras botar bastante tempo fora da casa, Anna e Katrin saen ao bosque (deixando na casa ao neno Hans), para buscar a Halmar. O primeiro que ven é unha raposiña, chamándoas: hi, hi, hi! Nai e filla séguena e pronto ven ao raposo pai ferido, gardando das crías.




Despois o raposo guíaas ata onde está Halmar atrapado baixo unhas rochas... e tras axudalo a saír, fúndense nun profundo abrazo!

Todos (e tamén a familia de raposos) volven á casa, onde estaba Hans, que espertou sen saber o que ocorrera...



Ao día seguinte visitan ao médico, que cura a Halmar e ao raposo.






Finalmente os raposos marchan polo bosque cara o Norte... e deixan tras eles un rastro de luces de cores, que dende aquela se seguen vendo naquel monte: luces azuis, vermellas e verdes...





Aquí tedes a historia en murais-resumo (con pictogramas e distintos materiais)



Baseádonos no libro e no traballo feito, o día 16 de maio os nenos/as de 2º representarán unha obra co mesmo título.

Alumnos e alumnas de 2º





## PROXECTO: O CHURRO DE PLASTILINA.

### O CHURRO DE PLASTILINA MÁIS GRANDE QUE FIXEMOS

Un día Eugenia deixounos xogar coa plastilina.

Celia tivo una idea que nos gustou a todos: facer un churro xigante de plastilina azul.


Primeiro empezamos a amasar facendo unha forma longa entre as mans.

Logo engadimos pouco a pouco plastilina no extremo. Fíxose tan grande que ocupaba todas as mesas da clase xuntas. Parecía unha enorme serpe.

Despois, a Iria ocorrúeselle medilo con palmos. Medía 59 palmos.

Por último, medímolo coa regra grande de clase, 8 metros e vinte centímetros.

Esquecemos medilo con pés, pero sería difícil poñer o churro no chan sen rompelo..



### Un baile de plastilina



Alumnas e alumnos de 1º A





## PROXECTO: MEDRA UNHA SEMENTE...



1. Preparamos a terra



2. Sementamos



3. Enterramos a semente



4. Regamos e a buscar luz

Pasados uns días...



Agroma...



Medra...



Medra...

Alumnos e alumnas de 1ºA





CONTOS, POEMAS E OUTRAS COUSAS.

QUERIDO

INIMIGO

Ana I Romero Gómez



1. Laura e os cans

Trata dunha nena chamada Laura. Laura tenlle moito medo aos cans, Sa igual grandes ou pequenos, isto sucedelle desde que foi a casa da súa amiga Cristina e un can negro e grande se lle tirou encima, cando ela iba correndo polo xardín para xogar con Cristina, tivo tanto medo que agora tenlle medo a todos os cans.

Isto pasolle agora xa que cando Laura tina sete anos tina moitas ganas dun can pero seus pais dicíanlle que non pois tñan un piso moi pequeno e un can necesitaba moito espazo.



2. Un intruso no edificio

Era unha mañá soleada de domingo, Laura cos seus pais, cando súa nai lles deu unha veciños novos no terceiro » teñen un novo da can. Laura derramou o leite e empezou a atoparse algún día con aquel intruso.





### 3. O inimigo no ascensor

Despois de almorzar Laura e a súa nai saíron da casa coa intención de ir ao parque, colleron o ascensor con tan mala sorte para Laura que tamén o fillorón os novos veciños, vivían co com. Laura estaba a disgusto e tiña medo, o home empezou a falar da súa vida e dixo que o com se chamaba Argos, que era un setter irlandés. Cando se baixaron do ascensor Laura e a súa nai foron e alí vechéronse a atopar os veciños, o novo chamábase Xavier.



### 4. Unha amizade con problemas

Comenzou o novo curso, e a Laura tivo que a dare de 3ºB, nela vai coa súa mellor amiga Marta e co seu novo veciño Xavier. Marta vivía cerca de Laura e entón facían o tralleto de volta a casa xuntas, Xavier o principio iba so pero logo xa ía con elas. Cando facía mal tempo Xavier subía ao piso de Laura para xogar. Laura nunca quería ir ao de Xavier pois tiña medo a Argos.



## 5. Unha aventura no parque

Era un día pola tarde e Laura decidiu achegarse ao parque, alí agardábalas as amigas da clase (Marta, Aldara...) ese día decidiu non chamar a Xavier. Como se dispoñía a coller o ascensor Argo e can de xaneiro mouteuse dentro con ela. Laura tiña moito medo, baixouse do ascensor e o can seguiu a cota o parque, alí deitouse e miraba como Laura e as súas amigas xogaban ao fútbol.



## 6. Argo e os matíns

As nenas xa levaban un tempo xogando cando Henrique e a súa cuadrilla (Unas nenas que se burlan de todo o mundo) chegaron ao parque e decidiron sacar a pelota as nenas. Argo que estaba mirando todo tirouse encima de Henrique latrándolle para que se fora e non molestase a Laura e as súas amigas. Henrique e os seus amigos foron e Laura abrazou a Argo dándolle grazas por defendela. Saqueles matíns



## 7. Querido inimigo

Desde aquela tarde Laura xa non ten medo de Argo, achegase a el para aboimitalo, e xa vai xogar con Xavier ao seu piso. Laura pde menos xa non lle ten medo a un can, e aparte de Xavier e Marta agora ten a Argo un novo amigo no que confiar.





### O can listo

Érase un can que sempre estaba paseando e un día pasou o home da canceira, colleuno e levouno onda catro cans e pasou alí moito tempo.

Fóronlle crescendo e crescendo as uñas e ocorréuselle que podía abrir a porta coas uñas e cando foi de noite os canceiros durmíronse. Entón abriu a porta coas uñas e foron todos para a súa casa.

O can escondeuse debaixo da cama e alí o encontrou a súa dona que o estaba buscando e os canceiros cando despertaron veu a policía e levounos ao cárcere e os cans xa quedaron libres e todos viviron felices.

**Lucía**

### O peixe viaxeiro

Un dia meu pai estaba tirando a auga sucia do peixe polo váter e caeu o peixe no mar esta agora nadando so por todo o mundo. Fin

**Martín**

### Un gato cazador

Había unha vez un gatiño que estaba nunha árbore. Rompeu a póla onde estaba e caeu. Así o encontrou un ratiño que pasaba por alí e díxolle:

- Gato, queres ser cazador?
- Si, díxolle o gato.
- Se queres ser cazador, tes que vir comigo e pasaralo moi ben.

Foron de caza e mataron un cervo e comérono. Pero ao gato non lle gustaba nada ir de caza co rato así que comeu ao rato e marchou.

**Claudia**

### Calcetín

Na miña casa teño moitos animais, cazapos, un can que se chama Vadi que salta coma un canguro, unha gata co seu fillo Pardo e o meu tesouro que é un can que se chama Calcetín.

Calcetín e negro con patas brancas e téñolle un colar violeta.

**Érica**

### A ratiña

Era unha vez unha ratiña que vivía en Compostela e un día de inverno foi ao tellado da igrexa e dixo:

- Que raro, está tocando a campá.

Foi ver e viu que na campá había unha colmea e foi falar coas abellas.

- Por que estades aquí?
- Porque non temos ningún outro sitio onde estar. Todas as árbores están queimadas.

A ratiña foi falar co xardineiro de Compostela para que plantara árbores nos xardíns. Despois a ratiña guiou ás abellas ata unha árbore e todo volveu a normalidade.

**Marta**

### A gatiña bombeira

Érase unha gatiña bombeiro que hoxe rescatou un can que estaba nunha árbore. A gatiña preguntoulle:

- Queres ser bombeiro?
- Non estou seguro pero vale.
- Veña, temos que deter un cabalo que persegue a miña irmá-dixo a gatiña.





- Socorro! Socorro! – berraba a outra gata.
- O can rescatouna e todo volveu á normalidade. Agora, cans e gatos son amigos.

**Paula**

### **O mundo das chuches**

Érase un can que se chamaba Pancho e que se aburría. Foi xunto dunha árbore e encontrou un paxaro.

- Pancho, ven que che quero dicir unha cousa. Vés ao Munco das Chuches?
- Vale, dixo Pancho.

Foron nunha carretilla e cando chegaron, comeran moitas chuches: azucre, amorodos, caramelos, turrón e unha piruleta.

Como xa lles doía a barriga, decidiron descansar nun bosque con moitos animais e o rei destes animais quería matar a Pancho e ao amigo por comerlles as chuches e tiveron que marchar correndo.

**Raúl**


### **Taboa con rimas**

Sete por unha é sete,  
eu pesquei un peixe.  
sete por dous son catorce,  
Antía ten un coche.  
Sete por tres, vinte e un,  
un neno fixo PUM!  
Sete por catro, vinte e oito,  
Sergio comeu un biscoito.  
Sete por cinco, trinta e cinco,  
hoxe Martín tiña frío.

Sete por seis, corenta e dous,  
a nena dixo: vou.  
Sete por sete, corenta e nove,  
no coche está Beethoven.  
Sete por oito, cincuenta e seis,  
Carla está ao revés.  
Sete por nove, sesenta e tres,  
ao meu pai chéiranlle os pés.  
Sete por dez son setenta,  
un caramelo de menta

**Sergio T., Raúl, Lucía,...**





Sergio Pego

### ASÍ É CARIÑO



Carla, Antía e Ania.

Cariño ten a súa paisaxe de costa. Ten praias como a da Basteira, A Concha e a de Fornos. Temos acantilados cerca do cabo e montañas e moitos barcos no porto.

A praia que máis me gusta é a de Fornos e vou a ela no verán.

Uxía e Analyse

**Alumnas e alumnos de 2ºB**





### POEMAS DE 3ª


Benchegados mariñeiros de Cariño  
que andades a cabalo das ondas  
e que ides a pescar ata Miño  
pronto chegaredes á nosa lonxa.

**Pablo López**

Benchegados mariñeiros de Cariño  
que andades a cabalo das ondas,  
pescaredes nas brisas do mar  
no horizonte do cabo Ortegal.

**Álvaro**

### TRATO COS PIRATAS



Hai monto tempo un barco pirata atracou no porto de Cariño. O capitán chamábase "Malaspulgas". Aquel día, dous amigos, Jack e Sindey, estaban xogando na praia. De súpeto, Jack avista o barco pirata e dille ao seu amigo que deben esconderse mentres o capitán Malaspulgas e a súa tripulación baixan do barco e empezan a capturar moita xente do pobo. Os nenos tratan de agocharse na casa da súa avolita onde ninguén os encontrará. Alí había moito material para defenderse porque Jack xogaba ao fútbol americano e tiña proteccións de sobra para os dous. Vestíronse e cando xa estaban preparados, Sindey deuse conta de que


por un burato do solo algo brillaba debaixo. Cando levantaron a táboa, quedaron pasmados porque apareceron un montón de moedas de chocolate. Entón Jack tivo unha idea. Os dous amigos saíron a encontrarse con Malaspulgas e propuxéronlle un trato. Se deixaba libres a toda xente e non volvían por alí, lles entregarían todo aquel ouro. O capitán aceptou porque o que quería eran as moedas que cría que eran de ouro e non á xente que non lle servía para nada. E os piratas baixaron a xente e marcharon desaparecendo no horizonte. Os habitantes levaron en brazos aos dous nenos e desde entón todos foron felices.

**Noa Balado. 3º A**





## O CALAMAR XIGANTE




Nun porto pesqueiro do norte de Galicia que se chama Cariño, vivía un neno chamado Brais, ao que lle gustaba moito pescar. Brais adoptaba ir con seu pai de pesca moitas veces. Un día levantáronse cedo para ir de pesca ata o Cabo Ortegal. Fixeron os bocadillos, prepararon a canas e os cebos e marcharon para a lancha. O pai de Brais deixoulle levar o timón do barco e pouco despois chegaron ao Cabo e puxéronse a pescar. Pasaron máis ou menos dúas horas, cando Brais notou un gran tirón na súa liña e chamou a seu pai para que lle axudara. Entre os dous tiraron con moita forza e notaron que era un calamar moi grande. Tiraron e tiraron e conseguiron meter o calamar xigante na lancha. Non podían crer o que estaban a ver. Puxéronse moi contentos.

Cando chegaron a porto, Brais só quería ensinar o que pescara. O calamar pesaba máis de quince quilos, e medía case tres metros. Era o máis grande que se pescara en Cariño. O neno estaba tan ledado que quixo ir para a casa ensinalo a súa nai.

Pero aquela noite tardou en durmir. Estaba moi contento desexando volver a pescar.


**Diego 3º A**

## A GAIVOTA E O RAPOSO



Érase unha vez unha gaivota que vivía na praia de Basteira, preto do mar e que pescaba, voaba, comía peixes e pasábao moi ben. Ata que un día que puxo os ovos no niño viu que cerca había un raposo que lle quería comer os ovos e máis as gaivotiñas que tiña no niño. E a gaivota díxolle:


- Vaite de aí, raposo, que non che deixo comer os ovos do meu niño.




Pero o raposo insistía e llos quería roubar. E dixo a gaivota:

- Que vou facer para botalo fóra de aquí- Ai, xa sei! Vou chamar a todas as miñas amigas.

E viñeron todas as gaivotas do porto para axudarlle. Entre todas empezaron a picarlle e o raposo levou tal malleira que nunca máis volveu aparecer por cerca do niño.



A gaivota volveu a ser feliz coas súas gaivotiñas e invitou a todas as amigas a unha festa para celebrar que xa botaran ao raposo de aquel lugar.



Noemí Garrote 3º A

### A CASA QUE FALABA

Clara era unha nena que tiña 8 anos e unha casa que falaba.

Cando se erguía da cama , a almofada , dicíalle:

-Veña ,durmilona , que tes que ir ao cole. Levántate.

E Clara levantábase.

Cando ía ao baño, o váter dicíalle :

-Durmiches ben ...

E Clara contestáballe :

-Si ,si,soñei que ían un iate privado, coma os espías , e Despois montaba un bar e que vos levaba a todos e...-Boom!

- Que foi iso?

-Non o sei señor váter , ja,ja,ja.

Clara , que estaba moi asustada , desmaiouse. Non sabía que estaba soñando.

De repente , espertouse. A almofada contoulle que só era unha pesadelo .

VERÓNICA 4º





## A EIRUGA REDONDIÑA

-Esta era unha eiruga que se chamaba Redondiña porque sempre se encollía.

A súa nai que xa era unha bolboreta díxolle:

-Non me quere morrer porque se non , non che podería coidar . Redondiña contestoulle :

- Eu tampouco quero ser bolboreta , e eu non me quero morrer .

A súa nai respóndelle :

-Ti non te queres volver bolboreta , e eu non me quero morrer .Como poderíamos facer?

E tachán ...

A morte apareceu , e dixo:

-A morte non se pode remediar, vas morrer mañá.

A nai díxolle .

-Pois entón podo ir facendo xa as maletas...

E nunca averiguaremos como seguiu o conto...

FIN



ESTHER 4º

## AS GOTAS VIAXEIRAS

Había unha vez unha gota que ía nunha nube coas súas amigas. De súpeto o vento enfadouse e caeu a gota, estaba a moita altura e as súas amigas, todas desgustadas, saltaron.

-Aí vamos amiguiña! Pero a gota caeu no mar , e dixo :

-Caramba non sabía que era tan bonito isto .Subiu á superficie e díxolles as súas amigas :

-Vide aquí , hai moitos peixes e corais . É precioso . Axiña as gotas caeron e din:

-Caramba , ten razón non nos engañabas . Seguiron nadando e atoparon un peixe pallaso . E preguntanlle :

-Pódesnos levar a algún sitio que coñezas ...

E o peixe responde:

-Levareivos á cúpula de Ariel .

Pregunta unha das gotas :

-E está Neptuno?





O peixe contesta ..

-Claro que si , ten todos os peixes que poidas imaxinar e mais .

E foron aló. Guau que bonita é a túa cola , Ariel . É rosa e a de Neptuno azul ;ten o tridente ben coidado e moi afiado e Ariel, ten unhas cunchas de suxeitador . Ariel dilles:

- Que facedes aquí , gotas, estades perdidas? Contestan:
- Non caíamos da nube porque o señor vento enfadouse....

**JUAN LUIS 4ºA**

## O ENTROIDO EN CARIÑO

Ola! Chámome Xiana. Vou a contar dende o principio o que se fai no Carnaval en Cariño que é o mellor de todos. O sábado, houbo festa infantil na carpa que instalaron na Praza Roxa, que por certo ata tiña un Castelo inchable para xogar. O meu curmán e máis eu fomos disfrazados de ``ninja`` aínda que distintos. Estivemos con moitos amigos e estivemos xogando toda a festa. Foi xenial! O domingo houbo desfile ``Desfile de Carnaval`` no que participou moita xente (compañeiros de clase e amigos). Deron premios. Gañaron os ``iron mans`` que ían con disfraces moi chulos con luz incorporada e tamén ``os Coches fórmula I``.O meu curmán e máis eu, ese día, fomos de ``Águila Roja``. Xogamos a guerras de espuma con sprays que nos compraron na festa. Eu subín á caseta branca do transformador, e sempre baixaba pola póla dunha árbore, son moi traviesa... O luns disfrazámonos de ``Piratas`` igual que Marcos e Lucía(a súa irmá). Tamén estaban Laura e María cun disfraz de ``Alicia en el país de las maravillas`` Era precioso!. Por último, el martes, nos disfrazamos, de ``Vaquero`` (mi primo Edu) y yo de ``Bombera``.Había un toro mecánico para ver canto aguantábamos. Subímonos un montón de veces. Que divertido foi! Despois, xogamos un partidoño de fútbol . Así que, estes Carnavais, paseino fenomenal. Foi unha pasada, molou moito!!



**XIANA 4ºA**





### AS ESTACIÓNS DO ANO

Cando a primavera chegou  
todos nos puxemos de bo humor.

Cando chegue o verán  
disfrutaremos sen igual.

Co outono , todo cambiará de cor  
e nós recibíremolo con moita ilusión



Cando o inverno empeze a asomar  
A paz e a nostalxia  
A ti ,tomarán.

### AS LETRAS GALEGAS

Cada 17 de maio,  
faremos unha celebración especial  
adicándolle ese día  
a un personaxe galego  
que cos seus escritos,  
a todos nos deleitará .  
Este ano , a Valentín Paz Andrade  
Estudaremos a súa obra  
E de seguro , que marabillados ,  
quedaremos unha vez mais....

**NENOS/NENAS 4ºA**

### NENOS /AS 4ºA





# ANO DAS ENERXÍAS RENOVABLES.

2012 AO ANO DAS ENERXÍAS RENOVABLES


E EN 3 ANOS EN 10 ISTO EA ERA E PC: EMPEZAR

AAAO OE A ERÍA. ENERXÍA

O EPAAOAT D DE QUE PENSABAMOS ANTES

¿QUÉ MÁQUINAS TENEMOS EN CASA?

- ALEX: un secador.
- ANXO: un robot.
- NOEL PÉREZ: un tren.
- LARA: una máquina para arreglar la pared.
- ALEJANDRA: una lavadora.
- HUGO F: un destornillador.
- LAURA: Lara y yo tenemos una abuela que tiene un cortacésped.
- CARLOS: una nevera.
- DESIRÉ: un ordenador.



¿CÓMO FUNCIONAN?

- ANXO: la nevera con pilas.
- ALEX: el cortacésped con pilas.
- ALEJANDRA: la lavadora mi madre la hace funcionar poniendo jabón y apretando un botón.
- ALEX: el secador con el cable que hay que enchufar.
- HUGO F: los niños no pueden meter los dedos en el enchufe porque pasa la corriente.
- ALEJANDRA: si te pasa la corriente lloras, te duele y estás enferma.
- HUGO F: y te mueres.
- ALEJANDRA: cuando te pasa la corriente te quedas quieto.
- LARA: en los enchufes hay veneno como el que tienen dentro las pilas.

FOE  
EO QUE

EPAD  
QUERIAMOS

SB  
SABER

¿QUÉ ES LA ENERGÍA?

¿ QUIÉN HACE FUNCIONAR NUESTRAS PIERNAS?

¿QUIÉN HACE FUNCIONAR LAS MÁQUINAS?

¿POR DÓNDE LE VIENE LA ENERGÍA A LAS MÁQUINAS QUE HAY EN CASA?





OO UO  
LOGO FUMOS  
SIAO!  
SABIAMOS

A POTA A  
BIBLIOTECA

UA O EO  
BUSCAR QUE NON



DO  
DEPOIS

AAMON A Z  
TRABALLAMOS NA CLASE



I POIPE RTA  
FIXEMOS MUIÑOS EN PLASTIUNA

UN MURALA  
UUA



DOAOALI  
DECORAMOS OS MALETINS





# OVIOPAD BO CONSTRUIMOS MOLINOS DE VENTO



A AO      F A FINAL      A P I O E APRENDIMOS QUE

**CARLOS:** LA ENERGÍA VA POR LOS CABLES, LOS CABLES VAN HACIA LAS CASAS Y ENCIENDEN LA LUZ.

**MATEO:** LOS MOLINOS PRODUCEN ENERGÍA

**ALEJANDRA:** ENCHUFAMOS UN ENCHUFE Y LA ENERGÍA VA POR LOS CABLES.

**DESIRÉ:** LA COMIDA CUANDO LA COMEMOS NOS DA ENERGÍA.


**HUGO F. :** CUANDO VIENE LA ENERGÍA VA PARA LOS CABLES HASTA LA LUZ.

**DAVID:** LA ENERGÍA VIENE DE LOS CABLES.

**NOEL PÉREZ:** LA COMIDA NOS DA ENERGÍA PARA MOVER LA BICICLETA.

**ALEX:** LA ENERGÍA DE LOS MOLINOS VA A LA TELE .





Alumnas e alumnos de Infantil 3 anos.





## O MUIÑO DAS MAREAS (Senra – Ortigueira)

Un muíño das mareas é aquel que utiliza a enerxía do mar como forza motriz. En Senra ,na desembocadura do río Maior, na ría de Ortigueira, atópase o último construído en Galicia.



### A SÚA FORMA

A forma do edificio é pequena e está feita de pedra. Dise que esta pedra foi levada diariamente en barco dende unha canteira da parroquia de A Pedra (Cariño), rocha a rocha ata que remataron. A pedra foi traballada por canteiros pontevedreses e os elementos mecánicos foron realizados por un carpinteiro de Valdoviño.

Neste edificio hai catro ocos onde se encontra un muíño en cada un deles. Para chegar ao edificio vaise por un camiño de terra.



### A SÚA HISTORIA

Foi construído entre 1888 e 1910 por un emigrante de Cuba e restaurado en 1919, porque sufríu un deterioro nas aspas e no eixe. Despois seguiu funcionando ata que a competencia dos muíños eléctricos e de motores acabaron coa vida dos muíños das mareas





Na actualidade foi restaurado pola fundación Ortegalia e ten unha gran importancia non só como elemento etnográfico e de patrimonio histórico, senón tamén porque o seu entorno forma parte da lista de Humedais de Importancia Internacional ( Ramsar).

## O SEU FUNCIONAMENTO

---



Buratos onde se atopan os 4  
muíños



As dúas comportas .



Pedras coas que se moía .

O ciclo do funcionamento do muíño é moi sinxelo: Unha vez completada a preamar e atopándose o embalse cheo, comeza a baixamar e paulatinamente establécese unha corrente na ría, de maneira que pouco a pouco progresa a diferenza de nivel de auga que existe entre o embalse e a ría.

En plena baixamar esta diferenza de nivel é máxima, polo que é o momento de que o muíño comece a funcionar. Tan só é necesario abrir a pequena comporta da canle e a auga procedente do embalse circulará por este e en forma de chorro de gran presión impactará nos rodetes facéndoos xirar e desta maneira moer millo, trigo...

O dispositivo deixará de funcionar ben cando se reduza ao mínimo o nivel de auga na presa ou ben cando comece novamente a preamar e inunde a caixa de rodetes, freando conseguintemente o seu xiro.

Alumnas/os de 6º





## PROXECTO: A ENERXÍA UNDIMOTRIZ

Aproveitando as motivacións particulares dos nenos/as pola instalación en Cariño dunha planta de fabricación de boias para producir enerxía undimotriz, decidimos levar a cabo un pequeno proxecto de investigación sobre este tipo de enerxía.

O primeiro paso foi analizar os coñecementos previos que os nenos/as tiñan sobre o tema, establecer unha serie de hipóteses sobre o que queríamos saber e decidir en que fontes podíamos buscar a información para dar resposta as nosas preguntas.

| Que sabemos?   | Que queremos saber?   | Onde buscamos a información?   |
|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• É para producir electricidade.</li> <li>• É electricidade producida polas mareas.</li> <li>• En Cariño van producir electricidade dese tipo.</li> <li>• No peirao hai grúas, construtores e unha rede xigante.</li> <li>• Están construíndo unha nave para fabricar boias.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• En que consiste exactamente.</li> <li>• É o mesmo que a enerxía maremotriz?</li> <li>• Que cambios vai supoñer para Cariño a ubicación desta fábrica.</li> <li>• Cantos postos de traballo vai crear e se van empregar a xente da localidade.</li> <li>• Canto vai custar construír a fábrica.</li> <li>• Vai ser máis barata que a enerxía eléctrica.</li> <li>• Vai abastecer a todas as casas do pobo.</li> <li>• Que dimensións teñen as boias.</li> <li>• Canto custa cada boia.</li> <li>• Por que se lles ocorreu producir este tipo de enerxía en Cariño.</li> <li>• En que outros lugares se produce enerxía undimotriz.</li> <li>• Como chega a electricidade dende o mar ata as casas.</li> <li>• Vantaxes e inconvenientes deste tipo de electricidade.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• En internet.</li> <li>• Mirando algún vídeo.</li> <li>• Preguntándolle á alcaldesa.</li> <li>• Preguntando na casa</li> <li>• Consultando libros, enciclopedias...</li> </ul> |

Elaboramos un índice e distribuímos tarefas para poder levar a cabo o traballo de procura de información e tratamento desa información: clasificación, confrontación de opinións, organización, sínteses, conclusións...





Isto foi o que aprendemos.

### Que aprendemos?

- A enerxía undimotriz é a enerxía producida polo movemento das ondas.
- Prodúcese transformando a enerxía mecánica (que xera o movemento das ondas do mar) en enerxía eléctrica.
- Existen diferentes dispositivos para captar este tipo de enerxía procedente das ondas. O que se vai levar a cabo en Cariño precisa dun aparello anclado ao fondo do mar e unha boia unida a el por un cable.
- Non debemos confundila coa enerxía maremotriz que é a resultante de aproveitar as mareas.
- A enerxía transformada en electricidade é levada a terra firme por canleado submarino.
- A fábrica instalada en Cariño producirá 25 boias ao ano e os primeiros aparellos estarán destinados á creación dun parque experimental de 10 MW/h.
- A distribución das boias realizarase por vía marítima, xa que debido ao seu tamaño (entre 6 e 10 m de diámetro, 7 m de altura e 5 t de peso) non se poden trasladar por terra.
- Cada boia pode xerar 1MWh de potencia, enerxía suficiente para abastecer arredor de 1200 familias durante un ano.
- A fábrica instalouse en Cariño porque a costa galega é a mellor ubicación que ofrece o noso país para producir enerxía coas ondas do mar, seguida da zona do mar Cantábrico e en terceiro lugar as Illas Canarias.

As ondas que baten as nosas costas atópanse entre as máis produtivas de Europa, só por debaixo de Inglaterra e Escocia.

- Os países pioneiros e líderes en tecnoloxía undimotriz son Noruega e Escocia.
- Estados Unidos, Australia, India, China, Suecia, Xapón e Portugal están probando distintos sistemas.
- Calcúlase que servirá para crear 22 postos de traballo directos, distribuídos en tres quendas.
- A inversión das instalacións achégase aos onde millóns de euros.
- Este tipo de electricidade é máis cara porque é unha enerxía nova e aínda non é competitiva.
- As principais vantaxes deste tipo de electricidade son: é limpa, é renovable, reduce a emisión de gases nocivos e reduce a dependencia española das importacións enerxéticas.
- Os principais inconvenientes son: pode ser usada só en lugares moi específicos, un posible impacto ambiental sobre os ecosistemas costeiros e a alta inversión inicial neste tipo de centrais necesita un período longo para amortizar custos.
- Outros tipos de enerxías renovables son: solar, eólica, xeotérmica, hidráulica, maremotriz..

Se queredes saber máis sobre este tipo de enerxía, non deixedes de ler a entrevista virtual que os alumnos de 5ºA lle fixemos aos responsables da empresa GMR, que fabricarán o sistema creado por D. Julio de la Cruz Blázquez, enxeñeiro aeronáutico responsable do deseño da boia que transforma a forza do mar en kilovatios.

ALUMNOS/AS 5º A





## ENTREVISTA

Entrevista que os alumnos e alumnas de 5ºA prepararon para os responsables da empresa GMRENOVABLES ( Galicia Mar Renovables ) que vai construír en Cariño un sistema para xerar electricidade a partires da forza das ondas do mar.



### **Por que elixiu o concello de Cariño para instalar a súa fábrica?**

As boias téñense que transportar polo mar, polo que era fundamental instalarse no porto.

Tivemos que facer o que se chama recheo é o único porto que nos deixaba era o de Cariño. Ademais eliximos este Porto e non outro, como por exemplo o de Cedeira, xa que as dimensións da nave son tan grandes que noutro Porto non habería espazo. Tamén é importante sinalar que dende o Ente Público Portos de Galicia e o propio concello déronsenos moitas facilidades.

Por último e non menos importante , temos que dicir que a Zona Norte de Galicia é boísima para o noso sistema de xeración de enerxía undimotriz.

### **Cantas persoas traballan con vostede neste proxecto?**

De maneira continua, en oficina: 10 persoas , inxeniería externas: 5 persoas , de maneira puntual, con empresas e talleres auxiliares en torno a 20 persoas.

### **Supúxolle unha inversión moi grande a creación desta planta en Cariño? Conta con algún tipo de subvención?**

Hai que ter en conta que estamos ante un proxecto de I+D+i (Investigación +Desenvolvemento+Innovación) o que supón xa de primeiras uns esforzos moito maiores que se se tratase dun proxecto convencional, o que se lle une o feito de que traballamos con entorno nada controlable que é o mar.

Unha inversión deste tipo soe durar en torno a uns 10 anos e nos imos bastante ben de tempo tendo en conta que no noso caso, este tempo vai a ser bastante inferior, xa que con

un pouco de sorte este ano sacaremos o produto cero que é o que se vai comercializar.

Para este proxecto recibimos axudas do Ministerio de Industria , Turismo y Comercio (Mityc).

### **Vai crear moitos postos de traballo? A xente que van empregar, vai ser de Cariño?**

Alrededor de vinte persoas, aínda que todo dependerá do número de boias que coloquemos no mar. Asímesmo, o número de boias dependerá dos acordos ós que cheguemos coas distintas entidades: a Xunta de Galicia, o Concello de Cariño e por suposto o Ministerio de Industria.

### **Como se lle ocorreu a idea de xerar enerxía undimotriz?**

A idea se lle ocorreu a Julio de la Cruz Blázquez, pois levaba moitos anos traballando os sistemas de enerxía undimotriz ata que logrou a patente do sistema en particular J+B (2B). Esta patente supoñía a xéneses do proxecto, pois permitiu que comezáramos a fondea-la boia.

Vimos unha oportunidade na auga salgada que era precisamente conseguir enerxía do auga do mar, ademais reduciríase as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

Sabemos que a enerxía undimotriz é dentro dos sistemas de enerxía procedente do mar a que maior potencialidade ten. Hai que ter en conta que con un metro de ola podemos conseguir 60 Kw

Por último dicir que, quixemos desenvolvelo porque a parte de investigación ía ser máis breve que noutros sistemas. Este é un sistema propio.

### **Sabemos que utilizan boias para obter este tipo de enerxía, pero como funciona este mecanismo? Que dimensións teñen as boias? son todas iguais?**

En xeral, hai distintos mecanismos de funcionamento para as boias. A principal diferenza do mecanismo co que traballamos nós con respecto ós demais, é que non se emiten fluídos, nin cando collen a enerxía da





ola, nin cando se transmite esta enerxía. Ademais hai un rendemento moito maior que en outros sistemas que pola contra si emiten.

O noso sistema está próximo a costa entre 15 y 20 metros de profundidade mentres que o resto de sistemas atópanse a 2 millas aproximadamente, ademais o noso sistema de ancoraxe crea vida mariña.

O mecanismo da boia é o seguinte:

Temos unha pontona (una especie de grúa) que nos serve como axuda xa que se engancha á boia. O noso sistema necesita que a boia engánchese os mortos e precisamos que a boia baixe.

Os flotadores que se atopan ó carón da estrutura actúan como tanques, teñen unas válvulas, esas válvulas son abertas polos buzos entón entra a auga nos tanques e a boia baixa. Unha vez que a boia está abaixo, os buzos poden inxectar os cables dende os mortos ata a estrutura e cando está todo ben amarrado introducimos aire comprimido nos tanques para botar fora o auga que haxa dentro, entón a boia sube e quedan os cables tensos.

A nosa boia mide de largo uns 20 metros e de lado uns 4,5 metros aproximadamente. Ademais a boia ten que ser de cor amarela xa que, así o esixen as autoridades marinas a calquera artefacto que se coloque no mar, coa única intención de ser ben visible.

Non se soe falar de diferentes boias, fálase de diferentes tipos de sistemas de xeración de enerxía.

**Como chega a electricidade dende o mar ata as casas?** A enerxía sae por unha liña que se atopa no mar conectada á boia hacia a costa. De alí chega a una subestación ( onde se recolle toda a enerxía que chega dos diferentes sistemas de xeración de enerxía ) e da subestación se distribúe as casas.

***Pensa que a enerxía undimotriz podería provocar algún dano no medio ambiente?***

Ningún, de feito crea vida mariña. Instalamos uns "mortos" que son unha especie de cadeas de formigón que conseguen amarrar as boias a superficie do mar. Estes mortos teñen uns buratos pon onde se meten os mariscos, son biotopos naturais. Por tanto, hai un impacto positivo no medio ambiente, creamos recursos pesqueiros.

***Cantas vivendas poderán abastecer con este tipo de enerxía? Será máis barata que a enerxía eléctrica térmica?***

Cunha boia poderíanse cubrir as necesidades de consumo de enerxía eléctrica de trescentas familias. O que pretendemos é competir cos aeroxeneradores. No caso de Galicia, a diferenza do resto do Estado, os muíños xeran a enerxía que necesita Galicia, e pretendemos facer o mesmo coas boias.

***Pensa que a creación desta planta vai supor algún cambio para o noso pobo?***

Por suposto, xa que se vai crear numerosos postos de traballo o que favorecerá o crecemento económico do concello.



## LETRAS GALEGAS 2012.

## Valentín Paz Andrade

Valentín Paz Andrade nace un día moi relacionado coas letras: un 23 de abril.



Lembremos que esta data, en 1616, é a do falecemento de dous dos maiores escritores de todos os tempos: Miguel de Cervantes e William Shakespeare.

Curiosidades da historia: o español e o inglés morren na mesma data pero non o

mesmo día. A explicación hai que buscala no calendario gregoriano. O seu ano de nacemento, 1898, daría nome a unha das mellores xeracións de escritores en lingua española.

Pero voltemos ao noso escritor. Diciamos que Paz Andrade nace o 23 de abril de 1898 en Pontevedra, na parroquia que leva o nome do río que pasa pola cidade, o Lérez. Algúns autores atribúenlle a este núcleo de poboación a sonda de ser terra de carteiristas, pero tamén o barrio de Pontevedra con maior tradición literaria.

Era fillo de Matilde Andrade e de Francisco Paz, e críase na casa materna do barrio do Socorro, coas súas irmás Matilde, Carme e Castora, que morrerá moi nova. Máis non será esta a única fatalidade familiar. Con oito anos morre súa nai.

Nunha familia de clase media, entre a vida rural e urbana e con afeccións políticas e literarias vaíase criando Paz Andrade. A primeira mestra que terá, Dolores Cimadevila, está casada co seu tío Xoán Bautista, irmán da nai, poeta e xornalista, e que vai ser persoa fundamental na vida do noso personaxe, pois del vai herdar o “*sortilexio das letras*” e a “*paixón por Galicia*”. Será tamén este tío seu que o fará coñecer a Castelao, quen acaba de chegar a Pontevedra para traballar de oficial de estatística. Tamén da man do seu tío vai iniciarse no xornalismo, primeiro no semanario **Alma Galaica** e logo no xornal pontevedrés **La Correspondencia** e no de Compostela **Gaceta de Galicia**.

Pero volvamos á infancia de Valentín Paz Andrade para dicir que fai os estudos primarios no colexio *Xaime Balmes*, de Pontevedra, e os secundarios no instituto da mesma cidade. Cando

chega o ano 1917, e despois de certas dúbidas, opta por matricularse na Universidade de Santiago para estudar Dereito, nuns momentos nos que o movemento galeguista conta xa cun certo pulo. En 1919, e na Segunda Asemblea Nacionalista Galega que se celebra en Santiago e preside Castelao, participa como orador, xunto con Eugenio Montes. Pouco despois vai ser nomeado presidente do **Grupo Autonomista Galego de Estudantes**, achegado ás **Irmandades da Fala**. Comeza así a súa traxectoria política, cun manifesto de exaltación da terra e de chamada á acción colectiva.

Mentres está na universidade compatibilizando estudos con acción política e traballos xornalísticos vai facendo amizade con personalidades que van ser protagonistas da nosa historia contemporánea: Camilo Díaz Baliño (pai de Isaac Díaz Pardo, recentemente finado), o escultor Asorey, os escritores, deles xa homenaxeados nas Letras Galegas, Antón Villar Ponte, Rafael Dieste, Xoan Vicente Viqueira Cortón, Lois Porteiro e outros. Pero o seu gran referente vai ser Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o seu “segundo mestre”. Con el, e co seu tío Xoán Bautista Andrade, vai compartir faladoiros no Café Moderno, no Méndez Núñez ou nos paseos polas Corvaceiras de Pontevedra.

Remata a carreira coa máxima cualificación en maio de 1921. Aos poucos días comeza a exercer como avogado en Pontevedra levando unha causa de homicidio entre dous mariñeiros. En xullo prodúcese o **desastre de Annual**, cando as tropas españolas son derrotadas en Marrocos polos rifeños mandados por Abd-el Krim e é mobilizado. A chamada a filas faíno saír en barco desde Vigo para a fronte de África. Pasa por Ceuta e chega á entón cidade española de Tetuán. Desde alí vai remitir crónicas da guerra, recuperando a condición de xornalista, para **El Noroeste**, que se publica na Coruña. En 1922, e por un problema de saúde, é repatriado e regresa de Marrocos. Esta experiencia bélica vaino marcar fondamente e inspirarlle a novela **Soldado da Morte**, que non chega a ser publicada. Tamén é autor dalgúns escritos referidos á guerra.

Cando é repatriado ten que pasar algún tempo no Hospital da VIII Rexión Militar da Coruña, aproveitando as tardes para visitar amigos coñecidos residentes nesa cidade. Nunha desas tardes, e na redacción de **El Noroeste**, o xornal para o que tiña remitido as crónicas da guerra, Antón Villar Ponte e García Acuña fálalle do proxecto dun xornal que promove o cónsul de Chile en Vigo, Ernesto Cádiz Vargas. A Valentín Paz Andrade propóñenlle a xefatura da redacción. Logo de varias reunións pónense a traballar e o 25 de xullo de 1922, Día de Galicia, sae á rúa o primeiro número do xornal **GALICIA**, subtítulo **Diario de Vigo**. Para este proxecto consegue en Pontevedra o apoio de Castelao, de Losada Diéguez e do seu tío Xoán Bautista. Paz Andrade marcha cara a Vigo para poñer a nova publicación ao servizo de Galicia e da democracia e dinamizar os valores económicos, sociais, artísticos e culturais do país. Cando conta só con vinte e catro anos para a dirixir un periódico que, aínda que subtítulo como Diario de Vigo, pretendía ser un xornal independente, galeguista e de espírito liberal para toda Galicia.

**GALICIA**, o xornal que dirixe Paz Andrade, vai ser un referente na historia do xornalismo galego, cunhas características moi especiais, e que van desde o editorial, imprescindible para crear unha corrente de opinión, ás caricaturas que farán Castelao, Carlos Maside e outros. Contaba tamén cun artigo de humor, habitualmente escrito por outro homenaxeado nestas datas: Roberto Blanco Torres. O reporteiro gráfico era Luis Casado e o xornal contaba cun grupo de colaboradores entre os mellores escritores do país.

Pero logo van xurdir os problemas. O primeiro e máis grave é o da censura imposta despois da instauración da ditadura de Miguel Primo de Rivera. O xornal negábase a adoptar a actitude de submisión que esixen os militares e mesmo Paz Andrade debe pasar quince días na cadea de Vigo, hoxe Museo de Arte Contemporánea, na rúa do Príncipe. A razón desta condena é a negativa a pagar dúas multas de 25 pesetas por dous artigos nos que defendía o trazado do ferrocarril desde Galicia á fronteira con Francia, e nos que se enfrontaba á idea do xeneral Rodríguez del Barrio, gobernador militar, de reforzar as comunicacións con Madrid. Acentuándose os problemas económicos por falta de apoios e pola persecución sobre o **GALICIA**, o xornal deixa de publicarse o 15 de setembro de 1926. Desaparece así, ao cabo de catro anos, unha das mellores experiencias editoriais da nosa terra.

Como iremos vendo, Paz Andrade vai estar implicado cun sector produtivo moi importante para a Galicia de antes e de hoxe. A pesca. Cando se produce o peche do xornal **GALICIA** volve ao xornalismo nunha revista de periodicidade quincenal, **Industrias Pesqueras**, fundada en Vigo por Barreras Massó no 1927. Esta revista é aínda hoxe a segunda máis antiga do mundo no sector e nela traballou Paz Andrade, primeiro como colaborador e, a partir de 1942, como director.

Outro detalle que nos presenta ao noso homenaxeado como persoa fundamente vencellada ao sector mariñeiro é que cando en 1926 retorna ao seu traballo como avogado voino facer como asesor xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas *La Marítima*. Como secretario da Unión de Entidades Viguesas, e tendo recibido o encargo de facer un estudo sobre a importancia do porto de Vigo en materia de pesca, fai unha viaxe a Lorient, na Bretaña francesa, que vai dar orixe á publicación do traballo **Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema**.

No 1930 é nomeado presidente do **Grupo Autonomista Galego**, constituído en Vigo, comezando unha activísima campaña de oratoria en toda a provincia, con galeguistas tan significados como Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ramón Cabanillas e Alexandre Bóveda, agasallados todos co seu **DIA DAS LETRAS GALEGAS**, agás Bóveda, prematuramente desaparecido ao ser executado cando a Guerra Civil. Con estes persoeiros celebra o primeiro **Día de Galicia** despois da ditadura de Primo de Rivera.

Cando remata o ano 1931 celébrase en Pontevedra a Asemblea Nacionalista, da que nace o Partido Galeguista, no que queda integrado o Grupo Autonomista Galego. Nas eleccións para as Cortes Constituíntes celebradas o 28 de xuño de 1931, Paz Andrade preséntase como candidato. Non será elixido e unicamente Castelao acadará acta de deputado. Neste mesmo ano participa no *Seminario de Estudos Galegos* con Lois Tobío, Vicente Risco, Alexandre Bóveda e Ricardo Carballo Calero na elaboración do anteproxecto do **Estatuto de Galicia** e segue exercendo como avogado e xornalista, enviando habitualmente colaboracións aos diarios **El Sol**, de Madrid, e **La Calle**, de Barcelona. Segue tamén como asesor xurídico dos armadores e, por este motivo, na folga dos mariñeiros de 1932 é obxecto dun atentado na rúa do Príncipe por parte

dun grupo anarquista, recibindo varios balazos dos que se vai recuperar. Hai que precisar, a este respecto, que Paz Andrade foi un home de sorte, xa que correndo o tempo sería outra vez obxectivo noutro atentado, esta vez en Verín, sen que os falanxistas, que son os que tentarán matalo, acaden o seu propósito.

En 1934 Castelao é obxecto de traslado forzoso a Badaxoz, polo que lle pide a Paz Andrade que o substitúa como secretario do Partido Galeguista, pero non acepta.

En febreiro do ano 1936 preséntase ás eleccións ao Parlamento pola provincia de Pontevedra, acompañando a Portela Valladares, xefe de Goberno, na Candidatura Republicana. Castelao vai como candidato único do Partido Galeguista, no que Paz Andrade se dera de baixa. Non sae elixido mentres Castelao acada acta de deputado. Sen embargo, a influencia que puido acadar sobre Portela vaille valer para que o xornal centrista **El Pueblo Gallego** faga campaña a prol da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado polo pobo pero anulado pola ditadura franquista.

Despois do golpe de estado, e consciente da gravidade da situación, implícase na axuda á fuxida de camaradas seus ou fai de avogado nas causas que se lle abren a outros. Mesmo trata de interceder, en balde, pola salvación de Bóveda. O 9 de setembro é desterrado a Verín onde, como xa dixemos, sofre un atentado.

A comezos de 1937 é desterrado a Requeixo de Queixa, un lugar case fronteirizo con Zamora. Alí non tiña nin onde vivir. O 10 de abril dese mesmo ano é trasladado a Castro Caldelas e logo á Pobra de Trives. Alí será onde coñeza á súa dona, Pilar Rodríguez Prada, coa que casará na capela do Santo Cristo de Ourense e coa que terá o seu único fillo, Alfonso, nome que lle pon en homenaxe a Castelao. O desterro na serra vai dar lugar a algunha manifestación literaria, como a **“Cantarela do camiñante”**. Este poema, escrito no desterro, formará despois parte dos seus poemarios **Sementeira do vento** e **Cen chaves de sombra**, que se publicarán moitos anos despois.

En 1938 recibe un escrito no que se lle anula o desterro, volvendo a Vigo e traballando no seu bufete. Non obstante, en agosto de 1939, e por desafección ao réxime franquista, é desterrado a Villanueva de la Serena, en Badaxoz. Desta época é **Exilio de Fogo**.

Mediante unha estratagemas non de todo legal conseguiu regresar a Vigo sen que se lle levantara oficialmente o desterro. A guerra supúxolle non so o afastamento, senón a perda de amigos e compañeiros de loita. Uns porque foron asasinados (Alexandre Bóveda, Roberto Blanco Torres, Amancio Caamaño, Camilo Díaz Baliño...) e outros porque deberon emprender camiño do exilio para, nalgúns casos, non retornar (Loís Tobío, Rafael Dieste, Luís Seoane e o para el máis significativo: Castelao).

Chegan os anos corenta e Paz Andrade comeza a dirixir a revista **Industrias Pesqueras**, coa que colaboraba. Tamén escribe en **Industria Conservera**. Segue traballando como avogado e escribe con frecuencia en **El Pueblo Gallego**, **La Noche** e **Faro de Vigo**. Ás veces, e por problemas coa censura, emprega pseudónimos como M., Xan Quinto ou Mareiro. En 1949 viaxa a París coa súa dona e alí visita a algúns amigos exiliados, como Manuel Martínez Risco, e trata de convencelos para que volvan a España. Con Castelao, con moitísimas precaucións mantén correspondencia.

O 7 de xaneiro de 1950 morre Castelao en Bos Aires. Sete días despois, no suplemento de **La Noche**, publica Paz Andrade o artigo **“Castelao, el hombre y el artista”**

Este sentimento de dor reflexado nestas liñas aparece tamén en **Pranto matricial**, a elexía dedicada á morte do seu amigo, e publicada por Edicións Galicia en Bos Aires. En España era inútil tratar de publicala.

Na década dos cincuenta multiplícanse as actividades de Paz Andrade. Participa en 1950 e 1957 nas **Xornadas Patrióticas** que celebra o Centro Galego de Bos Aires, o que lle permite o contacto con vellos amigos: Luís Seoane, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor... En 1957, e por un artigo publicado en **Industrias Pesqueras**, onde informaba do cesamento do Comandante Militar de Mariña en Vigo, é detido e debe pasar trinta días na cadea. En 1958 publica **Sistema Económico de la Pesca en Galicia** e no 1959 sae en Bos Aires, en Edicións Galicia, o libro **Galicia como tarea**, definido por Méndez Ferrín, hoxe Presidente da RAG, como **“o gran manifesto político e económico do nacionalismo progresista”**.

Despois dun tempo no que Paz Andrade viña falando da necesidade urxente de modernizar a frota pesqueira española, o 23 de xuño de 1960

constitúese a que vai ser a primeira empresa española de buques conxeladores: **PESCANOVA, S.A.** O propio Paz Andrade vai ser vicepresidente da compañía, presidida por Xosé Fernández, industrial lucense afincado en Madrid e vello amigo de Valentín. Esta sociedade vai constituír unha revolución nun sector no que aínda hoxe é líder. Os seus primeiros arrastreiros foron o *Lemos* e o *Andrade*, este para faenar nas costas de Sudáfrica e o anterior para caladoiros arxentinos. O seu traballo nesta empresa vaino levar a facer viaxes por terras africanas e a defender o galego como idioma de comunicación cos pobos de fala portuguesa.

Cando remata o ano 1961 sofre un grave accidente de tráfico fronte á súa casa de Lérez. Está tres meses ingresado nun sanatorio de Pontevedra e logo completa a súa recuperación nunha casa feita en Samil á que lle pon por nome **Pousa Nova do Mar**.

En 1966 volve como convidado de honra a Bos Aires para participar nas **Xornadas Patrióticas** nas que se conmemora o centenario do nacemento de Valle-Inclán, do que Paz Andrade era un afervorado lector. Sobre el publicará, tamén en Bos Aires, **La anunciación de Valle-Inclán**, prologada polo seu amigo Blanco Amor.

En 1967 publica en Vigo **Sementeira do vento**, editada por Galaxia.

En 1970 publica **La marginación de Galicia**, un libro no que leva anos traballando e no que trata os problemas económicos e sociais da nosa terra. El mesmo consideraba esta obra coma a máis traballada. En tres meses agotouse a primeira edición. Neste mesmo ano sofre unha embolia cerebral o que o obriga a deixar por un tempo as súas actividades.

En 1973 celébrase en Vigo, por vez primeira, a **World Fishing Exhibition**, baixo a xerencia do seu fillo Alfonso. Esta feira, converte a Vigo cada seis anos nun fóro da pesca mundial.

En 1974, bastante recuperado, asiste en Venezuela á **II Conferencia das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar**. Desde Caracas envía crónicas para **ABC** e **La Vanguardia**. De volta desta viaxe visita Brasil, onde contacta coa familia do novelista brasileiro Joao Guimaraes Rosa e atopa materiais cos que rematará a obra **A galecidade na obra de Guimaraes Rosa**, que publicará Edicións do Castro.


En 1975, ano da morte de Franco, Paz Andrade volve á actividade política, participando na

creación da Xunta Democrática de Galicia, constituída en Viana do Castelo. A morte do seu amigo Otero Pedrayo, en abril de 1976, inspíralle os versos de **Agora eres canción...** poema que formará parte do seu segundo poemario **CEN CHAVES DE SOMBRA**. En maio é concedido o Pedrón de Ouro.

Na eleccións democráticas de xuño de 1977 é elixido senador por Pontevedra pola Candidatura Democrática Galega. Cando xa ten case oitenta anos, e logo dunha multitudinaria manifestación en Vigo a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia, escribe emocionado o **Canto ao catro de Nadal**.

O 11 de febreiro de 1978 le o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega e decide escribir unha biografía do mestre Castelao. En 1982 sae do prelo de Edicións do Castro **CASTELAO NA LUZ E NA SOMBRA**, acadando un éxito considerable de vendas e de crítica. Este libro é, para moitos, a súa obra máis importante, con partes que son en verdade autobiográficas. Paz Andrade recibe importantes recoñecementos á súa traxectoria, incorporándolle ao Pedrón de Ouro a Cruz de San Raimundo de Peñafort, a Medalla da Cidade de Pontevedra, a Medalla ao Mérito Social Marítimo e a Medalla Castelao da Xunta de Galicia. O 4 de decembro de 1985 ingresa como académico de número na Academia Galega das Ciencias. É neste ano cando publica outro libro: **GALICIA LABRA A SÚA IMAXE**, que será o derradeiro seu. En maio de 1986 recibe a primeira Medalla de Ouro da cidade de Vigo e o 29 de xuño outórganlle o Premio Trasalba.

O 19 de maio de 1987, cando xa ten noventa e nove anos, morre Valentín Paz Andrade. Envolto na bandeira galega por expreso desexo seu, é enterrado no panteón familiar do cemiterio de Lérez. O 5 de xuño de 2011, a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día Das Letras Galegas deste ano de 2012.



ALUMNOS DE 6º DE E. PRIMARIA



## BIBLIOTECA.

Ao longo deste trimestre na biblioteca leváronse a cabo varias actividades.

Para celebrar o **Día da Paz** programamos na biblioteca varias actividades:

- Durante a semana anterior ao día 30 durante o recreo leuselles aos nenos que tiñan biblioteca un conto titulado ME LLAMO PAZ.

A todos os nenos e nenas que foron á biblioteca déuselle unha pegativa alusiva a data a celebrar así como mandalas relativos ao tema da Paz.

- Na entrada da biblioteca, ao lado de Multileo, colocáronse dúas urnas, unha branca para meter nela os nosos bos desexos e outra negra para todo aquilo que fai que as cousas no mundo non vaian ben. as cousas boas que poden facer que o mundo vaia millor, e noutro as cousas malas que fan que non esteamos contentos e alegres



- Todo isto culminou nun acto levado a cabo o día 30 no salón de actos, en colaboración co departamento de actividades extraescolares, onde se presentou o novo vestido de Multileo.

- No mesmo acto, logo de ler algunhas mensaxes e, por petición do alumnado, procedeuse a tirar ao lixo a urna negra.

Durante o mes de abril celebrouse o **Día do Libro** ao longo de dúas semanas con estas actividades:



Durante a 3ª semana, **Concurso de adiviñas.**

Gañadores do Concurso de adiviñas  
Ao longo da última semana do mes,





- Lecturas Dramatizadas.



Primeira lectura: Rino, ecoloxista, para EI e 1º e 2º ciclos de Primaria

A narradora



No corazón do bosque- Para o 3º ciclo de primaria

Nestas actividades participaron profesores e alumnos.

Multileo, desde aquí, quere dar as grazas a todos os que colaborastes nestas actividades e tamén aos que voluntariamente viñeron no recreo a oírnos.



Tamén se procedeu a premiar aos máis lectores do segundo trimestre que son as que están na foto e os outros once que non se lembraron e foron para o recreo.


Para rematar, se queredes ver máis fotos destas actividades buscádeas na galería de imaxes da páxina do colexio.






## OBRADOIRO: TANGRAM

O alumnado de 2º traballou tamén este trimestre co tangram. Podedes intentar crear formas de animais e mais cousas con “goma eva”. É moi sinxelo, só tedes que seguir a plantilla do “tangram”, recortar nese material (ou en calquera outro, en cartolina, papel charol, papel de cores...), e a partir disto, comezar a crear! Hai moitas plantillas dispoñibles (en internet, en libros, etc.)



Páxinas de interese para descargar figuras deste estilo:



<http://www.juegotangram.com.ar/> <http://colorearyaprender.com/imprimir-tangram-para-ninos>





## DEPORTES.

### A CLASE DE JUDO

Comezamos facendo parellas. Cada parella púxose nun colchón. O profesor era un especialista de judo para as forzas armadas. Quitámonos os zapatos e puxémonos a facer unha serie de quentamentos.

Fixemos varios exercicios:


-O primeiro consistía en que cada compañeiro agarráballe a camiseta ao outro, e o obxectivo era levar ao outro fora do colchón.

-O segundo consistía en que cada compañeiro agarráballe a camiseta ao outro, e o tiña que tirar ao chan.

-O terceiro consistía en que os rivais agarrábanse polos ombros e tiñan que tirar ao contrincante meténdolle a cambadela para tirarlle ao chan. Cando un xa estaba no chan tiñas que poñerlle a man debaixo da cabeza e recostarse sobre o contrincante.



**Feito por: Juanma e Nicolás de 5ºB**



### XORNADA DE ATLETISMO NA BARQUEIRA.

Primeiro saltamos nunha alfombra cos metros pintados, logo tiramos unha xavelina para chegar o máis lonxe posible. Despois saltamos dun lado para outro en 1 minuto, gañaba o que máis saltos facía. Tamén tiramos un balón que pesaba 2 kgr., había un señor que che dicía os metros.

En equipos fixemos carreiras de remudas nun circuío de 100 metros.

Merendamos e funmos de novo para o colexio de Cariño.

**Carmen de 3ºA**





## HUMOR

Son dous homes que veñen borrachos e atopan unha bosta de vaca. Empezan a lámbela. Isto é bosta de vaca.

Non é bosta de vaca... E di un:

-Pepe tiñas razón, polo menos non a pisamos.

**Bruno 4º A**

Este é un inglés, un francés e un español que están en un avión.

Caese o inglés e se converte en tortilla inglesa, se cae o francés e se converte en tortilla francesa e se cae o español e non se converte en nada.

Le o inglés ao español:

-Por que no te convertestes ti en tortilla española?

-Porque me deixei os ovos arriba.

**Esther 4ºA**

Son dous homes que veñen dunha festa borrachos.

E di un:

-Iso é o Sol

-Non iso é a Lúa.

-Non é o Sol.

-Non é a Lúa.

Pasou un señor e preguntáronlle:

-Iso que é o Sol ou a Lúa?

-Non sei, eu non son de aquí.

**Bruno 4ºA**

Dille o doutor a un señor a un señor:

-A dor da súa perna dereita prodúcese pola súa avanzada idade.

E di o señor:

-Non señor, non lle é certo porque a outra perna ten a mesma idade e non me doe.

Dille un rapaz ao camareiro:

- Unha langosta fresca, por favor.

O camareiro pensou que dicía tan fresca como viva.

O rapaz abraiado díxolle:

- Non tan fresca!

**David 4ºA**

Un esqueleto estaba conducindo e un policía acercouse a el e díxolle:

-Os papeis, por favor.

E o esqueleto respondeulle:

-Un momento por favor, que a lápida está no maleteiro

**Verónica 4ºA**

-Eu non quero facer a Primeira Comunión!

-Por que?

-Porque eu no quero ser Cristiano, quero ser Messi

**Marcos 4ºA**

Xaimito, canto é  $4*4$ ?

É todoterreo.

E  $2*1$ ?

É oferta no supermercado.

Xaimito, que planeta ven despois de Marte?

Ven Mércore.

**Juan Luis 4ºA**






PASATEMPOS.

Conversación de galegos

Tres galegos conversando:

-Eu teño un gato que di "miauu", conta o primeiro - Eu teño un can que di "quau", conta o segundo, E o terceiro di: - Eu teño un farror que di "arreee".



Alto ou baixo  
deitado ou de pé  
sempre está colado  
e non hai quen  
fale mellor ca el.  
... O libro

Un pratoño de nozes  
que pola noite se espallan  
e polo día se esconden.  
... As estrelas

Laura Trunquete Rubido 3ºB

Un galego dille a outro  
- Ei! Manolo, pásame outro  
champú.  
Pero si no baño hai un.  
- Si home pero ese é do cabelo  
seca e eu o teño mollado.

TICO 3ºB



## A vella do candil

A vella do candil,  
sae todas as noites,  
cunha luzciña alumecando  
as caras dos arredores.

Ela é un misterio  
que todos investigan,  
pero á vella non lle interesa  
o que os cidadáns digan.

Pelas mañás ven cedo,  
quédase quieta fronte a ventá,  
e a xente preguntase  
que é o que a vella mirará.

Ama. I Romero 3ºB

Está o home da casa entusiasmado,  
vendo un partido de fútbol pola televisión.  
Entra o fillo pequeno e cos deberes da  
escola:

- Papá: ¿ónde están os Alpes?
- P'el gúntallo a tía Nai, que me é quen garda  
toda.

Carlos 3ºB

Adición  
Como unha serpe,  
son longa, moi longa  
envidome no pechozo,  
dou voltas e colgo,  
Se non me adiveñan  
Que fuío que foras!  
R: A leufanda



**Aprende este trabalinguas**

*O mariñeiro está desmariñeirado*

*quen o desmariñeirará ?*

*O desmariñeirador que o desmirñeiree*

*bo desmariñeirador será.*


**Pablo Novo e Iker.**

Atopa nesta sopa estes nomea:

Cal é a casa de Valentín ?. **Yanire**

Valentín-Paz Andrade.Letras. Galegas

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | I | T | N | E | L | A | V | L |
| L | O | S | A | D | A | S | E | U |
| E | N | I | D | O | T | D | O | P |
| T | R | A | M | P | A | H | A | I |
| R | S | U | V | R | X | Z | C | T |
| A | T | R | D | T | H | J | S | E |
| S | M | N | S | I | P | M | O | R |
| L | A | G | A | L | E | G | A | S |



**Lucía López**

Coas letras da palabra V-A-L-E-N-T-I-N-P-A-Z-A-N-D-R-A-D-E debes formar:

Palabras monosílabas: paz ,val - ...\_\_\_\_\_

Palabras bisílabas: ra-paz ,ve-la ...\_\_\_\_\_

Palabras trisílabas: pa-le-ta , li-te-ra...\_\_\_\_\_

Outra palabra polisílaba: Va-len-ti-a , ven-ti-la-da ,,,\_\_\_\_\_

**Inu e Sergio Docal. 3º A**






ADIVIÑA. Carmen Fontela

Busca as 10 diferencias Paula e Javier 3º A

Teño rmos  
e son pequena.  
Ando no mar  
e paro na area.  
Que é ? ...



ADIVIÑA

Catro rodas ten  
coche non é  
O conducen os nenos  
E moi divertido é  
Que cousa cousiña é?  
O \_ \_ \_ \_


Alonso 4ºA

INTERNET.

A ENERXÍA SOLAR.

“Museos Científicos Coruñeses” ofrece un espazo con información e xogos sobre a enerxía solar, está no enderezo

<http://mc2coruna.org/enerxiasolar>








HONOLOKO

Xogo creado pola Axencia Europea do Medio Ambiente , está dispoñible en varios idiomas.

<http://honoloko.eea.europa.eu/Honoloko.html>



# O ESPIGONCIÑO





ANXO  
VALENTIN PACANDRADE  
E94  
PAZ



Subvencionado pola  
**Consellería de Educación e O.U.**  
Secretaría Xeral de Política lingüística